

1. INNOVASAÚDE

InnovaSaúde é un plan de innovación sanitaria centrado no desenvolvemento de solucións avanzadas para necesidades asistenciais actuais e futuras. Activado a través dun proceso de compra pública innovadora cofinanciado con fondos FEDER, rematou en 2015 co resultado de 14 proxectos.



Retos. Os retos asociados a InnovaSaúde estrutúranse en torno a tres grandes eixos:

- Asistencia sanitaria centrada no paciente:** desenvolvemento de novas ferramentas deslocalizadas (teleasistencia, telemonitorización, portais web 2.0 para pacientes, etc.) que axuden a evitar os episodios de agravamento das doenças crónicas. Deste xeito, redúcese a necesidade de servizos baseados na hospitalización e ao mesmo tempo auméntase a comunicación e a accesibilidade de cara os pacientes.
- Atención sanitaria segura e áxil:** desenvolvemento de novas solucións tecnolóxicas para minimizar as posibilidades de erro humano por parte dos profesionais, incrementando así a seguridade do paciente.
- Atención sanitaria intelixente:** cambio de estrutura dos servizos asistenciais para mellorar a eficiencia á hora de satisfacer as necesidades dos pacientes, asegurando unha excelente prestación de servizos da máxima calidade.

Proxectos. Os proxectos resultantes dan resposta a estes retos a través de solucións avanzadas axustadas ás necesidades reais do sistema:

1. Punto de Atención Diagnóstico-Terapéutico Móbil	>
2. Central de imaxe médica	>
3. Hospital na casa	>
4. Teleasistencia multiespecialidade	>
5. Fogar dixital	>
6. Paciente experto 2.0. E-Saúde	>
7. Sistema intelixente de alertas multinivel	>
8. Central de simulación médica avanzada	>

9. Sistema de diagnóstico asistido por computador



10. Profesional 3.0



11. Espazo de innovación en servizos asistenciais



12. Sistema integrado de información e xestión de datos clínicos e epidemiológicos



13. Transferencia e difusión de resultados



14. Sistema integrado de dixitalización, indexación, custodia e xestión da información clínica

